

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE SEIXALBO
CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: MATEMÁTICAS
DATA: 12 – 5 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES: ÁREA MATEMÁTICAS – 6ºEP

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.
B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.
B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións

	<p>futuras similares.</p> <p>MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.</p>
<p>B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</p> <p>MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</p> <p>MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.</p>
<p>B2.7. Iniciar o uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.</p> <p>MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.</p> <p>MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.</p> <p>MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.</p>

	<p>MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</p>
<p>B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).</p> <p>MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.</p> <p>MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.</p>
<p>B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p> <p>MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>
<p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso,</p>	<p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e</p>

<p>estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p>	<p>volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada</p>
<p>B3.2. Operar con diferentes medidas.</p>	<p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</p> <p>MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p> <p>MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
<p>B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.</p>	<p>MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</p> <p>MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.</p> <p>MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.</p>
<p>B3.5. Coñecer o sistema sexagesimal para realizar cálculos con medidas</p>	<p>MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas</p>

angulares.	angulares.
B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	<p>MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.</p> <p>MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...</p> <p>MTB4.1.4. Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.</p> <p>MTB4.1.5. Identifica en situacións moi sinxelas a simetría do tipo axial e especular.</p>
B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	<p>MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.</p> <p>MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.</p>
B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	<p>MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.</p> <p>MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.</p>

<p>B4.4. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.</p>	<p>MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.</p> <p>MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.</p>
<p>B4.6. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB4.6.1 Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.</p> <p>MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto, proponendo outras formas de resolvelo.</p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>Ao fin de dar resposta tanto ás características do noso alumnado como a situación excepcional que estamos a vivir, os procedementos de avaliación estarán adecuados ás adaptacións metodolóxicas que se realizarán durante a 3ª avaliación. Atenderase ao carácter continuo, global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este trimestre, sempre que iso favoreza ao alumnado. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades do cambio de metodoloxía.</p> <p>Os procedementos de avaliación serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Realización das actividades propostas na páxina web do centro, nos blogs das aulas, videoconferencias.- Revisión dos traballos propostos durante o 3º trimestre.
	<p>INSTRUMENTOS :</p> <p>Realizarase a través da:</p> <ul style="list-style-type: none">- Observación do traballo diario que os alumnos/as envían de volta para que o profesorado constate o seu traballo. Tamén interese mostrado polo alumnado.- Actividades, fichas e cuestionarios preparados polo profesorado con contidos de repaso, reforzo, e no caso necesario de ampliación.- Actividades dos libros de texto do alumnado.- Rexistro individual, anecdotario...
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Para a cualificación final (ordinaria) terase en conta a nota dos dous primeiros trimestres presenciais. O terceiro trimestre serve para subir a nota, pero nunca para baixala.</p> <ul style="list-style-type: none">- 1º avaliación: 40%- 2º avaliación: 40%- 3º avaliación: 20% polo esforzo, interese, participación e realización das tarefas propostas... atendendo e tendo en conta as posibilidades e medios de conectividade do alumnado. <p>Aquel alumnado que non acade os mínimos na primeira e na segunda avaliación, deberá permanecer un ano máis no nivel.</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

ACTIVIDADES	<p>Tanto os contidos como as actividades plantexadas terán un carácter de repaso e reforzo, e de consolidación das aprendizaxes adquiridas, así como de ampliación naquelas competencias e aprendizaxes que se consideren necesarios e imprescindibles traballar neste tempo. É dicir, reforzaremos avanzando.</p> <p>A realización das actividades será altamente recomendable e necesaria para non desvincularse do hábito de estudio e de traballo durante este tempo de confinamento, e garantir así unha óptima reincorporación á vida escolar e académica, e garantir así unha óptima reincorporación á vida escolar e académica do noso alumnado. A realización das tarefas tamén fomentará a comunicación entre o alumnado e o profesorado. Para iso, o profesorado establecerá os medios oportunos para que haxa unha retroalimentación das tarefas enviadas ao alumnado, coa súa correspondente valoración (correo electrónico, blogs de aula, fotografías, escaneado...). A realización das actividades pasarán a ser avaliadas de xeito positivo para este 3º trimestre.</p>
METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)	<p>Debido a nova situación de aprendizaxe que vivimos durante o estado de alarma provocado pola crise sanitaria actual, a nosa metodoloxía de traballo tamén ten que sufrir modificacións e adaptacións, e se fai necesario facer explícitos os nosos principios metodolóxicos e que deben enmarcar esta nova acción pedagóxica tan inusual e especial. Isto implica que o noso deber e responsabilidade será favorecer, na medida das nosas posibilidades, o desenvolvemento das tarefas en condicións que promovan o benestar emocional tanto do alumnado como das súas familias. Sabemos que tanto o profesorado como o alumnado e familias non estábamos preparados para estas excepcionais circunstancias, e que nos estamos adaptando o mellor que podemos e sabemos, sempre coa prioridade de acompañar e estar para o noso alumando.</p> <p>Por iso, ao ter que plantexar o noso traballo na distancia e con medios tecnolóxicos imos plantexar unha aprendizaxe máis significativa e motivadora, poñendo unha especial atención nun trato máis individualizado se cabe.</p> <p>Na medida das posibilidades, se empregarán recursos TICs. Cada titor/a artellará os medios electrónicos que iso supoña (AbalarMóbil, correo electrónico, blogs de aula, videochamadas...).</p>

	<p>Unha minoría do alumnado ten dificultade de conexión, ou ben por falta de medios ou porque os que teñen son insuficientes. Para iso, e a través dos concellos de incidencia do centro (San Cibrao das Viñas, Taboadela e Paderne de Allariz) se lles fotocopian e imprimen materiais, se lles ofertou un punto wifi, nalgún caso en concreto se lle ofreceu un ordenador ou Tablet, e se lles fan chegar os seus libros de texto nun reparto do concello as súas casas. Tamén o centro ofertou tarxetas de conexión a alumnado dos cursos superiores, para facilitar o acceso a internet naquel alumnado que está facendo aproveitamento dos materiais que se lle envían e que non ten unha ampla posibilidade de conexión.</p>
<p>MATERIAIS E RECURSOS</p>	<p>Tanto os materiais como as actividades axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades de cada alumno/a, ben por dificultade de conexión ou por dificultades de aproveitamento xa que ao non ser unha ensinanza presencial aquel alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe pode ter máis limitada a súa aprendizaxe.</p> <p>A organización dos tempos tamén será máis flexible, xa que ao facer unha ensinanza a distancia non é posible nin seguir o mesmo horario que temos establecido no centro, nin coa mesma duración, por iso os tempos virán marcados tanto pola disponibilidad de conexión do alumnado e das súas familias como do profesorado, como polo propio ritmo de aprendizaxe. Enviaranse tarefas de traballo unha vez na semana e distribuiranse as videochamadas entre o alumnado e o docente ao longo tamén da semana, facendo grupos máis pequenos de conexión e traballo, ou incluso individuais. O grupo pequeno de traballo en rede é ideal para favorecer a interacción cooperativa, onde todos poidan participar.</p> <p>Organizaranse os contidos tendendo cara un enfoque globalizador, con situacións globais de comunicación e resolución de cuestións de todo tipo, superando desafíos, facendo pequenas investigacións..., tendo en conta e admitindo as diferentes casuísticas persoais e familiares.</p>

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	O profesorado informará ao alumnado e ás familias desta adaptación da programación por algún destes medios: <ul style="list-style-type: none">• Espazo Abalar• Correo electrónico• Lista de difusión de whatsapp• Blog de aula• Webex e/ou outros programas para realizar videochamadas• Chamada telefónica• Páxina web
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipseixalbo/